



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

VICERREITORÍA DE ESTRATEXIA
E PLANIFICACIÓN ECONÓMICA



plano estratéxico
da universidade
da coruña 2005-2010

PLANO ESTRATÉXICO DA UDC **PROGRAMACIÓN PLURIANUAL** **2007-2008**

**(PROXECTO APROBADO POLO
CONSELLO DE GOBERNO O
15/5/07)**

INTRODUCCIÓN

As bases do plano estratéxico da UDC establecéronse no Documento 0 (PEUDC_D0), en que se concibe a planificación estratéxica como un compromiso público de actuacións cara á consecución duns obxectivos coñecidos e compartidos polo conxunto da comunidade universitaria que os propón. Nese documento preséntase unha metodoloxía que consta de 5 fases:

- Fase 1: Formulación da Misión, Visión e Valores e Identificación das Áreas Estratéxicas. Documentos PEUDC_D1, PEUDC_D2 e PEUDC_D3.
- Fase 2: Diagnóstico Estratéxico: Análise do Contorno e do Interior da UDC. Documentos PEUDC_D4* e PEUDC_D5.
- Fase 3: Determinación dos Obxectivos Xerais para cada Área Estratéxica. Documentos PEUDC_D6* e PEUDC_D7.
- Fase 4: Determinación de Proxectos. Documentos PEUDC_D8* e PEUDC_D10 (PEUDC_D9 + Programación Plurianual).
- Fase 5: Implantación e Control

Por tanto, o presente documento, que vincula as actuacións programadas ás previsións financeiras, pecha a formulación do plano estratéxico. De todos os xeitos, cómpre salientar que, previamente ao desenvolvemento formal deses vínculos, xa se produciu a conexión entre o plano estratéxico e os orzamentos da UDC: o orzamento do exercicio 2007 elaborouse unha vez que foron aprobados os obxectivos do plano estratéxico, e está explicitamente orientado por eles.

As epígrafes que, segundo se estableceu deben incluírse na programación plurianual da UDC son as seguintes:

- Estimación dos ingresos e dos gastos correspondentes ás principais partidas orzamentarias durante a vixencia do Plano Estratéxico.



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

VICERREITORÍA DE ESTRATEXIA
E PLANIFICACIÓN ECONÓMICA



- Plano xeral de investimentos a realizar, con indicación dos destinados á docencia e a investigación, e fontes de financiamento dispoñibles.
- Previsións sobre a evolución dos efectivos docentes, investigadores e de persoal de administración e servizos.

A continuación analízanse estas epígrafes, precedidas pola determinación do horizonte temporal da programación plurianual, e co corolario dunhas consideracións finais.

DETERMINACIÓN DO HORIZONTE TEMPORAL

A presente proposta estrutura a programación plurianual en dous bienios, 2007-08 e 2009-2010. Esta periodificación xorde da conxunción de circunstancias internas e externas:

- En primeiro lugar, as accións formuladas no documento PEUDC_D9, probablemente debido ao seu alto nivel de concreción, concéntranse nos anos 2007 e 2008.
- En segundo lugar, esta periodificación divide o horizonte ata o remate do plano en dous períodos homoxéneos.
- En terceiro lugar, a intención, publicamente proclamada polo Goberno Galego, de acometer, proximamente a renegociación do Acordo de Financiamento do SUG, ampliando a súa contía global e o seu horizonte temporal, aconsella prever a revisión das magnitudes financeiras unha vez que se estableza o novo escenario.
- En cuarto lugar, o dinamismo do proceso de construción do Espazo Europeo de Educación Superior (EEES) fai aconsellable prever a reavaliación das necesidades en materia de investimentos e de persoal (docente e investigador, e de administración e servizos) segundo o desenvolvemento do marco normativo e a adaptación a este.

A revisión do plano, en que se poderían incorporar novas propostas de proxectos e accións para o segundo programa plurianual, acometeríase no primeiro cuadrimestre do curso académico 2008-09.

PREVISIÓNS ORZAMENTARIAS

Actualmente está vixente o plano de financiamento do sistema universitario de Galicia 2005-2010. O seguinte cadro resume a evolución prevista neste plano das transferencias que a UDC recibe da Xunta de Galicia por distintos conceptos:

Concepto		UDC 2005	Variación anual da partida		
			2006	2007	2008-10
Financiamento incondicionado		59.926.970	9,60%	8,90%	Ingr. non fin. Xunta
Fondo de calidade	Sexenios e comple.	2.255.230	10%	13%	13%-16%-16%
	Contratos programa	607.250			
	Apoio á investigación	1.050.300			
Investimentos		6.106.283	Constante		
Fondo de nivelación		2.864.500	10,60%	9,90%	Ingr. non fin. +1%
Prazas vinculadas SERGAS		798.157	Variación das retribucións		
Financiamento INEF		2.833.399	3%		

Na web da UDC (www.udc.es/reitoria/ga/vicerreitorias/vepe/orzamentos.asp) están dispoñibles os orzamentos dos anos 2004 a 2007, que recollen polo miúdo tanto os conceptos de ingreso, incluídos os procedentes do plano de financiamento, como os de gasto.

A experiencia da implantación do plano de financiamento pon de manifesto, segundo se recolle na memoria do orzamento de 2007, as súas limitacións para acometer os investimentos extraordinarios que son necesarios dadas as nosas carencias históricas, tanto en materia de infraestruturas como de persoal. Estes investimentos serán analizados nas dúas próximos epígrafes.

O seguinte cadro resume as principais partidas orzamentarias do orzamento de 2007 e a súa proxección para o horizonte do plano estratéxico, tomando como escenario o plano de financiamento vixente. As previsións para 2008 están baseadas nas recollidas e explicadas no último orzamento, ao que remitimos, con axustes que incorporan a nova información dispoñible, entre as que destaca a inclusión do novo complemento autonómico por labores de xestión.



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

VICERREITORÍA DE ESTRATEXIA
E PLANIFICACIÓN ECONÓMICA



plano estratéxico
da universidade
da coruña 2005-2010

	2007	2008	2009	2010
INGRESOS				
CAPÍTULO 3: TAXAS E OUTROS INGR.				
DEREITOS DE MATRÍCULA	14.229.053	14.502.251	15.082.341	15.685.635
OUTROS INGRESOS CORRENTES	1.109.400	1.215.300	1.336.830	1.470.513
Total Capítulo 3	15.338.453	15.717.551	16.419.171	17.156.148
CAPÍTULO 4: TRANSFER. CORRENTES				
FONDO INCONDICIONADO	71.525.475	78.141.581	85.369.677	93.266.372
TRANSFERENCIA INCONDICIONADA INEF	3.005.953	3.096.132	3.189.016	3.284.686
CONTRATOS PROGRAMA	875.582	1.023.525	1.187.289	1.377.255
SEXENIOS E COMPLEMENTOS AUTONÓMICOS	3.071.735	3.663.887	4.030.275	4.433.303
PRAZAS SERGAS	955.450	1.000.422	1.050.443	1.102.965
ACHEGA POR NIVELACIÓN	3.481.783	3.838.665	4.232.128	4.665.922
ACHEGAS ENTIDADES FINANCEIRAS	450.000	600.000	600.000	600.000
OUTRAS ACHEGAS CORRENTES	785.610	1.309.179	1.374.637	1.443.369
Total Capítulo 4	84.151.587	92.673.390	101.033.466	110.173.872
CAPÍTULO 5 INGRESOS PATRIMONIAIS	300.000	309.000	318.270	327.818
CAPÍTULO 7: TRANSFER. DE CAPITAL				
FONDO DE INVERSIONES	6.106.283	6.106.283	6.106.283	6.106.283
ACHEGA DIRECTA APOIO Á INVESTIGACIÓN	1.501.351	1.844.051	2.139.099	2.481.355
OUTRAS TRANSFERENCIAS INVERSIONES	3.689.770	5.265.993	6.439.119	6.439.119
Total Capítulo 7	11.297.405	13.216.327	14.684.501	15.026.757
CAPÍTULO 8: ACTIVOS FINANCEIROS	1	1	1	1
TOTAL INGRESOS	111.087.446	121.916.269	132.455.409	142.684.595
GASTOS				
CAPÍTULO 1: PERSOAL				
PDI	54.620.535	58.217.282	64.039.010	70.442.911
PAS	22.313.632	24.781.448	27.011.778	29.442.838
Total Capítulo 1	76.934.167	82.998.730	91.050.788	99.885.749
CAPÍTULO 2: GASTO CORRENTE	17.207.363	18.239.805	19.881.387	21.670.712
CAPÍTULO 3: GASTO FINANCEIRO	42.000	42.000	42.000	42.000
CAPÍTULO 4: TRANSFER. CORRENTES	3.052.106	3.418.359	3.746.522	4.072.469
CAPÍTULO 5: FONDO DE CONTINXENCIA	250.000	250.000	250.000	250.000
CAPÍTULO 6: INVERSIONES REAIS				
EDIFICIOS, MAQUIN., MOBIL., INFORMÁTICA	5.540.828	8.874.058	8.744.162	7.471.064
FONDOS BIBLIOGRÁFICOS	2.723.160	2.804.855	2.945.098	3.092.353
INVERSIONES DE CARÁCTER INMATERIAL	2.422.980	2.004.728	2.004.728	2.004.728
INVESTIGACIÓN CIENTÍFICA	2.872.322	3.159.554	3.475.510	3.823.060
Total Capítulo 6	13.559.290	16.843.194	17.169.497	16.391.205
CAPÍTULO 7: TRANSFER. DE CAPITAL	31.270	32.208	33.174	34.170
CAPÍTULO 8: VAR. ACTIVOS FINANCIEROS	11.250	11.250	11.250	11.250
CAPÍTULO 9: VAR. PASIVOS FINANCIEROS	0	80.723	270.791	327.041
TOTAL GASTOS	111.087.446	121.916.269	132.455.409	142.684.595

Os supostos en que se basean o resto das proxeccións son os seguintes:

- O bo comportamento relativo da matrícula nos último anos permite asumir a súa estabilización, mentres que o das taxas extrapolado é dun punto por enriba da inflación prevista (que é do 3%).
- O crecemento estimado dos ingresos non financeiros da Xunta de Galicia, que son a base para indiciar o financiamento incondicionado e o fondo de nivelación, é o promedio do crecemento dos dous últimos anos (9,25%).
- A captación de transferencias de capital sitúase nos niveis de 2006, ano en que contabilizaron 4 millóns de euros cofinanciados polo FEDER e pola Xunta de Galicia. Nótese que aínda que os ingresos orzados en 2007 no capítulo 7 reducíanse, as previsións de que medrarían substancialmente coa resolución das distintas convocatorias públicas (FEDER, anticipos reembolsables, parques) acadáronse cumpridamente coa concesión de 4 millóns de euros na Convocatoria de Infraestruturas Científico-Tecnolóxicas resolta no primeiro trimestre de 2007. Neste contexto, a estabilización das estimacións de ingresos nun capítulo con tan alta variabilidade resultará útil, como se poderá comprobar, para illalo na determinación das principais tendencias orzamentarias.
- A evolución prevista dos gastos de persoal en 2007 e en 2008 analízase polo miúdo na epígrafe deste documento relativa á evolución do número de efectivos. Nese apartado xustifícase a necesidade de converxer co noso contorno en termos de dotación de persoal, o que se traduce no cadro anterior nun incremento dos gastos neste capítulo do 10% anual no bienio 2009-2010.
- O gasto corrente medra a un ritmo do 9% anual. Sen que isto presupoña a renuncia a medidas de aforro (algunhas das cales se recollen no plano estratéxico), preténdese ofrecer unha estimación realista do incremento do custo, consecuencia da actualización de prezos e do crecemento na cantidade e calidade dos bens e dos servizos consumidos.
- Como vén ocorrendo nos últimos orzamentos, mantense o crecemento da bolsas por enriba do crecemento xeral do orzamento (arredor dun punto por enriba).



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

VICERREITORÍA DE ESTRATEXIA
E PLANIFICACIÓN ECONÓMICA



- O crecemento nos gastos en biblioteca estímase nun 5% anual, inferior ao 10% estimado para o resto dos investimentos en investigación científica, como consecuencia do grande esforzo orzamentario que xa se veu realizando en biblioteca. Os investimentos de carácter inmaterial fíxanse na media dos anos 2006 e 2007.
- O fondo de continxencia mantense no nivel de 2007.
- Os investimentos en edificios, en maquinaria, en mobiliario e en informática absorben as disponibilidades orzamentarias unha vez definidas o resto das magnitudes.

As estimacións baseadas nos anteriores supostos confirman a valoración realizada con motivo do orzamento de 2007: a insuficiencia do plano de financiamento para acometer os investimentos necesarios, que neste orzamento se paliou co acceso a financiamento extraorzamentario e a convocatorias competitivas doutro financiamento público, maniféstase no feito de que, pese a asumir que as transferencias de capital mantéñense nos niveis de 2006, os investimentos en edificios, en maquinaria, en mobiliario e en informática reduciríanse dos 9,9 millóns de euros de 2006 a menos de 7,5 millóns en 2010.

Por mais que o plano de financiamento vixente puidese ter paliado parcialmente a situación, o feito de que nos últimos datos publicados pola Conferencia de Rectores da las Universidades Españolas (CRUE), relativos a 2004, a UDC fose a universidade española con menores transferencias correntes da administración educativa por alumno, situándose no 71% da media española, non pode ser alleo á situación descrita.

PLANO XERAL DE INVESTIMENTOS

Nesta epígrafe recóllense os principais investimentos derivados das accións propostas no documento PEUDC_D9, clasificados entre os destinados a docencia e a investigación, e as fontes de financiamento dispoñibles. Moitos dos investimentos están relacionados tanto coas actividades docentes como coas investigadoras, xa que ambas están profundamente interrelacionadas. Nestes casos optouse por incluílos no apartado de docencia, en atención ao número de potenciais beneficiarios.



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

VICERREITORÍA DE ESTRATEXIA
E PLANIFICACIÓN ECONÓMICA



Convén chamar a atención sobre o feito de que, a continuación, se analizan investimentos, con referencias limitadas a algúns gastos correntes estreitamente ligados a aqueles. Por tanto, existen importantes actuacións recollidas documento PEUDC_D9 e que non están incluídas nesta epígrafe, que podemos agrupar basicamente nos seguintes ámbitos:

- Gastos de persoal: a necesidade de investir en capital humano avanza na epígrafe anterior e desenvólvese na próxima.
- Bolsas: nas previsións orzamentarias explicitouse a intención de manter o crecemento das bolsas por enriba do incremento xeral do orzamento. Estanse a alcanzar acordos con entidades financeiras para o patrocinio dos novos programas de bolsas.
- Apoio aos grupos de investigación: os distintos programas de apoio aos grupos de investigación poderán ser suplementarios ou subsidiarios das convocatorias públicas existentes, e poderán contar co cofinanciamento do convenio UDC – Banco Santander.
- Proxección da UDC: no presente ano acometeranse o redeseño da páxina web (90.000 €) e a actualización da imaxe corporativa e refórzase a promoción e captación de alumnado (á que se dedican 100.000 €).

DOCENCIA

- A implantación do novo modelo educativo que implica o EEES fai necesaria a adaptación das infraestruturas existentes:
 - o No orzamento de 2007 está previsto investir 150.000 € nun Plano Director de Infraestruturas que permita valorar e planificar as actuacións necesarias, que previsiblemente absorberán un importante volume de recursos ao longo dos próximos exercicios.
 - o Ademais, aínda que cabe esperar que esta idea estea presente dalgún xeito na maioría das obras realizadas, no orzamento corrente recóllese unha partida de 100.000 € para outras Obras de adaptación ao EEES.
 - o O orzamento de 2007 recolle 575.000 € para Investimentos para a calidade e a converxencia co EEES.



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

VICERREITORÍA DE ESTRATEXIA
E PLANIFICACIÓN ECONÓMICA



- Os seguintes investimentos previstos, a pesar das importantes diferenzas na súa escala e no seu estado de desenvolvemento, teñen en común a súa vocación de centralidade nos campus e de relación entre estes e o contorno:
 - o O novo Centro Cívico de Ferrol, en execución, para o que se destinan 1.023.000 € no orzamento de 2007, está destinado a usos administrativos e actividades culturais e deportivas.
 - o Estase a traballar nun ambicioso proxecto (21.000 m²) dun edificio Campus-Center no campus de Elviña, situado en paralelo ao vial do tren, que incorporaría instalacións actualmente existentes, así como novas áreas administrativas, residenciais, deportivas e de servizos universitarios. Está prevista a convocatoria dun concurso de ideas para o proxecto no curso 2007-08 (cun custo estimado de 50.000 €).
 - o Instalación de servizos universitarios na Praza da Zapateira e no Estadio. Para a Praza da Zapateira están orzados 100.000 € en 2007, ademais de 60.000 € que achegará a Dirección Xeral de Turismo.
- A existencia dunha oferta residencial universitaria ten unha enorme importancia non só no ámbito docente, senón que estas infraestruturas teñen un carácter transversal, interesando todas as áreas da vida universitaria.
 - o O desenvolvemento do convenio asinado coa Consellería da Vivenda e Solo para a construción dunha área residencial no campus da Coruña implica a expropiación (xa en marcha) de 45.000 m² de solo, cun custo de 7,2 millóns de €. A Consellería asume, ademais da expropiación, a urbanización da área e a construción de 20.000 m² de edificacións (cun custo estimado de 12 millóns de € adicionais).
 - o O proxecto de Residencia Universitaria en Ferrol tampouco necesitará de financiamento propio da UDC, que se compromete a coordinar as administracións participantes (Concello de Ferrol, Ministerio de Defensa e Xunta de Galicia) para acadar a execución do planeado.
- Aspírase a manter o esforzo orzamentario que se vén facendo no ámbito de biblioteca, pois o orzamento directo para fondos bibliográficos supera en 2007 os 2,7 millóns de €, que non inclúen outros investimentos relacionados como os relativos a edificios e instalacións:



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

VICERREITORÍA DE ESTRATEXIA
E PLANIFICACIÓN ECONÓMICA



- o Está previsto incrementar o número de aulas de estudo no Centro Universitario de Riazor no curso 2007/08. O custo é duns 60.000 € por sala, e estase a negociar a obtención de financiamento externo.
 - o No ano 2007 incrementarase un posto multimedia por biblioteca (16 en total), con cargo ao orzamento de Investimento novo asociado ao funcionamento (artigo 62).
- A mellora da accesibilidade aos campus e dentro deles esixe un esforzo permanente, que se concreta, no horizonte temporal que nos ocupa, nun amplo abanico de actuacións, que é axeitado fundamentar en estudos como un plano de desprazamentos urbanos (no que poderían implicarse a Deputación Provincial da Coruña e a Consellería de Política Territorial) ou a análise de alternativas de estacionamento no recinto dos Campus universitarios (custo estimado: 10.000 €). Entre as actuacións previstas están as seguintes:
 - o Na construción do viario paralelo ao ferrocarril que completaría o contorno do Campus de Elviña, cun custo estimado duns 800.000 €, está directa e explicitamente implicado o Concello da Coruña. Este proxecto terá unha grande influencia na futura organización deste espacio, e suporía, entre outras accións, o redimensionamento no curso 2008-2009 da calzada dos viarios do campus, que tamén se acometería no campus de Esteiro .
 - o Tamén é o Concello da Coruña o que financia (60.000 € para a primeira fase) o carril-bici e os accesos peonís dentro do campus de Elviña.
 - o O proxecto da estación intermodal ferrocarril de cercanías - transporte público municipal (Estación Campus UDC Elviña - Parque Feiral), cun custo estimado de 250.000 €, pertence ao ámbito de actuación da Deputación Provincial da Coruña, da Consellería de Política Territorial e do Ministerio de Fomento.
 - o Co gallo de promover o uso do ferrocarril nos desprazamentos entre A Coruña e Ferrol, estase a conseguir que RENFE incremente o número de trens de 6 a 10, no primeiro cuadrimestre de 2007.



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

VICERREITORÍA DE ESTRATEXIA
E PLANIFICACIÓN ECONÓMICA



- o Estase abordando a revisión da sinalización dos campus, tanto a dos accesos (implicando ao Ministerio de Fomento), como a dos edificios da UDC.
- Os investimentos orientados ao fomento do uso das Tecnoloxías da Información e as Comunicacóns comparten cos anteriores o seu carácter transversal:
 - o O proxecto de modernización da rede de comunicacións da UDC está en marcha, cofinanciado polo FEDER e a Xunta de Galicia (2,4 millóns de € executados en 2007), o que permitirá estender a banda ancha e a rede Wifi a todos os edificios da UDC.
 - o Con cargo ao orzamento 2007 (artigo 62: Investimento novo asociado ao funcionamento) está prevista a creación de novas aulas de informática no campus de Esteiro e no CUFIE, así como o incremento da dotación das AulasNet e as Aulas de Informática como consecuencia dos Planos de Mellora.
 - o O proxecto de impresión en AulasNet vén sendo financiado con cargo ao convenio co Banco Santander, e existen fundadas expectativas de poder estendelo ás Aulas de Informática.
 - o Está prevista a ampliación de 2 a 4/5 salas de videoconferencia avanzada. O custo por sala é duns 65.000 €, e aínda que as novas salas están orzadas en 2007, non se descarta o financiamento dalgunha delas por parte do CESGA.
 - o Estes investimentos en instalacións e en equipamento vense complementados por unha serie de gastos e investimentos en materia de software, entre os que cabe destacar:
 - A nova plataforma de teleformación baseada en Moodle (custo: 150.000 €) está actualmente en probas e estará plenamente operativa en setembro de 2007. Nesta plataforma desenvolverase o plano de traballo das materias en ECTS e integraranse as ferramentas docentes dispoñibles e o Campus Virtual Multimedia.



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

VICERREITORÍA DE ESTRATEXIA
E PLANIFICACIÓN ECONÓMICA



- En xuño de 2007 rematará a implantación da plataforma Xescampus, desenvolvida conxuntamente coa USC e co apoio da Consellería de Educación, que suporá un notable avance na xestión académica. O seu custo total sitúase en torno a 300.000, pero estase a negociar a compensación pola Consellería de Educación do investimento realizado.
- A Forxa de software libre, financiada pola Consellería de Innovación e Industria (140.000 €) encádrase na política de fomento do software libre e os estándares abertos, en que a Oficina do Software Libre está a desenvolver outras actuacións, como a elaboración dun catálogo de software para a busca de alternativas, a instalación de software libre en AulasNet (OpenOffice xa instalado, Linux en 2007), ou a distribución de OpenOffice entre o PAS e o PDI.
- A adaptación dos Campus da Coruña e de Ferrol aos principios do urbanismo sostible e da arquitectura ecolóxica require un labor de planeamento en que será fundamental a recentemente aprobada posta en marcha da Oficina de Xestión Ambiental, que no próximo curso acometerá o plano enerxético da UDC e un programa reciclaxe, aínda que simultaneamente terán que realizarse os investimentos necesarios para desenvolver os proxectos en curso:
 - o A progresiva extensión da instalación de paneis solares comezará pola inminente posta en marcha dos do CITIC e, neste mesmo ano, instalaranse na piscina da Facultade de Ciencias do Deporte e a Educación Física. Esta instalación ten un custo de 200.000 €, dos que achegará 50.000 € a Consellería de Innovación e Industria. Ademais, estanse a negociar fórmulas de financiamento específicas para este ámbito que poderían facilitar un rápido avance do proceso sen consumir unha parte desproporcionada da capacidade inversora da UDC.
 - o A Consellería de Medio Rural financia a rehabilitación de 5,5 Ha. do Monte da Fraga na Zapateira (a UDC contribúe con 125.000 € no



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

VICERREITORÍA DE ESTRATEXIA
E PLANIFICACIÓN ECONÓMICA



orçamento 2007) e a posta en marcha de plantación de agricultura ecolóxica de 2.000 m² en Elviña.

- No campo da seguridade e hixiene aspírase a reforzar o traballo que se vén realizando, tanto en materia de cursos de formación e elaboración de manuais como de investimentos:
 - o Este compromiso tradúcese na creación no orzamento 2007 dunha partida específica para obras en seguridade e hixiene dotada con 300.000 €.
 - o A eliminación de barreiras arquitectónicas, que deberá ser un obxectivo para ter en conta en calquera obra que se realice, recibirá unha atención prioritaria na execución da partida anterior.
- Finalmente, non se deben esquecer os investimentos orientados á extensión universitaria, á cultura e ao deporte, non só polo seu interese formativo para a comunidade universitaria, senón tamén polo seu potencial para proxectar a UDC na nosa sociedade. A curto prazo, os principais investimentos neste ámbito están orientados ao aproveitamento das instalacións existentes:
 - o A remodelación do Centro Cultural de Riazor, para o que se orzaron 200.000 € en 2007, pero que contará con financiamento adicional da Consellería de Cultura e Deporte, está inserido nun proxecto máis amplo de valorización do patrimonio arquitectónico e urbanístico da UDC na área de Riazor.
 - o O acondicionamento da Aula Náutica do dique para actividades de escola deportiva e para extensión cultural (cursos de verán...) orzouse este ano con 100.000 €, se ben as negociacións para obter financiamento adicional externo están a piques de pecharse.
 - o A pista de tenis da Zapateira acondicionarase para espazo cultural (125.000 € orzados en 2007).
 - o A reforma e a ampliación das instalacións deportivas na Facultade de Ciencias do Deporte e a Educación Física (pista de atletismo) será financiada pola Consellería de Cultura e Deporte, que alcanzará 1.500.000 € entre 2007 e 2009.



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

VICERREITORÍA DE ESTRATEXIA
E PLANIFICACIÓN ECONÓMICA



- o O orzamento de 2007 recolle 175.000 € para unha sala de prensa/exposicións na Maestranza.

INVESTIGACIÓN

- O Parque Tecnolóxico da Coruña está a experimentar un rápido desenvolvemento, como poñen de manifesto os investimentos previstos:
 - o No orzamento de 2007 están previstos 250.000 € para a urbanización da área científica do parque tecnolóxico.
 - o Neste ano está prevista a elaboración do proxecto do Centro Empresarial (viveiro de empresas + locais en aluguer a empresas). A Consellería de Innovación e Industria achega 600.000 € para o viveiro de empresas TIC.
 - o Na Convocatoria de Infraestruturas Científico-Tecnolóxicas de 2007 concedéronse á UDC 1,2 millóns de € para o Centro de Investigacións Científicas Avanzadas (CICA).
 - o Nesa mesma convocatoria obtivéronse 2,4 millóns para a ampliación do Centro de Innovación Tecnolóxica en Edificación e Enxeñaría Civil (CITEEC).
 - o A Consellería de Innovación e Industria achega 600.000 € para a Sociedade do Centro de Investigacións en Tecnoloxías da Información e das Comunicacións (CITIC) para equipamento.
 - o Na próxima convocatoria FEDER solicitarase financiamento para o Centro Tecnolóxico en Dependencia e Terceira Idade.
- En canto ás accións orientadas ao desenvolvemento do Parque Tecnolóxico de Ferrol, os principais investimentos proxectados son:
 - o A Consellería de Innovación e Industria financiará con 13.000.000 €, nos próximos 6 anos o Centro do Naval, en que participa xunto coa UDC e co Cluster do Naval.
 - o Ao longo deste ano elaborárase o proxecto da ampliación do Centro de Investigacións Tecnolóxicas (CIT) no pavillón do comedor universitario, para o que se solicitará financiamento nas próximas convocatorias públicas.



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

VICERREITORÍA DE ESTRATEXIA
E PLANIFICACIÓN ECONÓMICA



- o Estase a analizar coa Consellería de Innovación a estrutura xurídica do Centro do Plástico.
- Ampliación e mellora das infraestruturas de investigación
 - o Na Convocatoria de Infraestruturas Científico-Tecnolóxicas de 2007 foron concedidos 560.000 € para novo equipamento. Solicitarase financiamento adicional na próxima convocatoria FEDER.
 - o O investimento para a ampliación e a mellora das infraestruturas acompáñase de actuacións programadas dirixidas á súa optimización e proxección, como a catalogación do equipamento dispoñible, a certificación de laboratorios ou a contratación dun servizo de mantemento especializado (vixente, cun custo de 185.000 € anuais).


PREVISIÓNS SOBRE A EVOLUCIÓN DE PDI E DE PAS

Para efectuar as previsións relativas á evolución dos efectivos, tanto docentes e investigadores (PDI) como de administración e servizos (PAS) da UDC, resulta oportuno analizar a situación de partida da nosa institución en termos comparativos. De feito, na análise DAFO a competencia con outras universidades foi identificada simultaneamente como unha das mellores oportunidades para a UDC e como unha das maiores ameazas. Segundo os últimos datos oficiais publicados pola CRUE, no ano 2004 a ratio de profesor/alumno da UDC era un 75% da media nacional. Pola súa parte, a comparación da proporción PAS/alumno presenta dificultades metodolóxicas: o déficit da UDC sitúase no 15% si se toma a cifra de PAS máis outro persoal de administración contratado con cargo a convenios e proxectos, e dúplícase se consideramos unicamente o persoal de administración da UDC. Estes resultados aínda chaman máis a atención se temos en conta que, precisamente no ano 2004, produciuse un incremento substancial nos efectivos de PAS e de PDI, segundo se pode comprobar no seguinte gráfico:



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

VICERREITORÍA DE ESTRATEXIA
E PLANIFICACIÓN ECONÓMICA



É preciso complementar a análise anterior coa da situación futura, caracterizada pola outra grande oportunidade e ameaza identificada no DAFO: a adaptación ao EEES. Polo menos dous factores deste tránsito afectan de forma directa ás necesidades de persoal das universidades: a transformación dos títulos medios e superiores en títulos de grao, e as implicacións sobre o tamaño dos grupos da adaptación da metodoloxía docente. No caso concreto da UDC, as primeiras estimacións levadas a cabo para cuantificar estes factores indican unha necesidade de crecemento dos efectivos docentes en torno a un 17%.

Os datos anteriores parecen detectar inequivocamente unha necesidade. A contrapartida é a análise das posibilidades de afrontala. Segundo se puxo de manifesto nas previsións orzamentarias, a pesar das manifestas limitacións no financiamento público da UDC, o saneamento das súas finanzas, que se levan a cabo nos exercicios 2004 a 2006, permite adoptar unha política activa de converxencia en materia de persoal. Con todo, aínda que a dirección que se segue non ofrece dúbida, a determinación dos límites cuantitativos desta política esixirá a permanente reavaliación das consecuencias dos cambios que estamos a afrontar no sistema educativo e no marco financeiro.

Na evolución prevista dos gastos de PDI para os anos 2007 e 2008 destaca, pola súas repercusións cuantitativas e cualitativas, a medida adoptada recentemente de aplicar deducións no cómputo da actividade docente do profesorado pola súa



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

VICERREITORÍA DE ESTRATEXIA
E PLANIFICACIÓN ECONÓMICA



actividade investigadora. No exercicio 2007 orzáronse 350.000 € para atender o custo nun trimestre do crecemento de efectivos derivado desta medida, que en conxunto coa nova convocatoria de axudantes de investigación estímase que suporá un incremento dun 3,4% no número de docentes. No exercicio 2008 os gastos de persoal incorporan, ademais da repercusión anual das contratacións de 2007 (1,05 millóns adicionais) e do novo complemento autonómico por labores de xestión (0,5 millóns, con financiamento específico), o custo da revisión das deducións no POD por actividades de xestión (0,7 millóns anuais). En conxunto, o crecemento previsto do PDI neste bienio é dun 4,5%.

En canto ao PAS, a implantación da RPT suporá un incremento de efectivos dun 4,2%. A estabilización prevista para 2008 non pretende asumir a suficiencia desta medida, como pode deducirse da análise anterior, nin prexulgar o contido da próxima RPT, senón que pretende reflectir a necesidade de levar a cabo os axustes necesarios para consolidar os importantes cambios afrontados.

Por último, aínda que supera o horizonte temporal desta programación, convén lembrar que na terceira epígrafe deste documento, e en consonancia co aquí exposto acerca dos límites do crecemento de efectivos, asumíuse un crecemento substancial destes, concretado nun incremento dos gastos de persoal do 10% nos anos 2009 e 2010.

CONSIDERACIÓNS FINAIS

Dado que o presente documento remata a formulación do plano estratéxico da UDC, resulta apropiado pechalo cunha caracterización desta primeira experiencia:

- A característica máis salientable do plano é a participación. Nel interviñeron de forma directa 10 comisións, formadas por 92 membros representantes dos Centros, do Consello de Dirección, do Consello de Goberno e do Consello Social, ademais dos plenos destes tres últimos órganos colexiados e do Claustro.
- A segunda característica é a transparencia, concretada na accesibilidade dos documentos finais na web da Oficina de Planificación Estratéxica e na circulación dos documentos intermedios entre os membros das comisións e outros colectivos interesados.



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

VICERREITORÍA DE ESTRATEXIA
E PLANIFICACIÓN ECONÓMICA



- O plano acadou un nivel de minuciosidade inusual. Sen ter a pretensión de exhaustividade, a formulación de 24 obxectivos, 45 proxectos e 165 accións, proporciona unha detallada guía para orientar os cursos de actuación da nosa institución a medio prazo.
- Probablemente como consecuencia da participación e da transparencia, o plano acadou un amplo consenso. Todos os documentos xerados ata chegar á presente fase foron aprobados sen obxeccións polos órganos implicados.
- A elaboración do plano estratéxico é un proceso vivo. Isto maniféstase tanto no dinamismo do proceso levado a cabo ata o momento, como no traballo de implantación, revisión e control que está por chegar, e na súa extensión nos planos estratéxicos de centros, departamentos e servizos.